

FERVENZAS DE LUGO



**Adela Leiro Lois, Mon Daporta Padín
Xaneiro 2013**

QUIROGA-O COUREL



LOUSADELA



En Lousadela (Folgoso do Courel). No Carrozo das Teixeira (Lóuzara- Lor), e nun rego que desemboca nel un pouco antes de chegar a Lousadela cun desnivel duns 20 m en lousas.

COMO CHEGAR:

Desde Valdomir unha estrada moi estreita sobe pola beira do río ata Eiriz e a ferverza de Lousadela.

Pola outra beira do río pódese facer unha ruta a pé.

EIRIZ



No Carrozo da Fontaira, un regato que cae no Lóuzara e forma varios saltos pequenos.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Lousadela a Eiriz, vese á dereita cando se cruza o regato.

REXIU OU RIXIO




Na parroquia de Vilamor (Folgozo do Courel). No rego da Pena Branca, afluente do río Lor. As súas augas son ocreas polo contido en ferro. Cae desde unha altura de 30 m por paredes de lousa.
COMO CHEGAR:
Desde Folgozo cóllese a estrada a Vilamor e despois de cruzar o río Lor en Valdomir, a uns 200 m á dereita, atópase a ferverza.

FOLGOSO



En Folgozo do Courel, no rego da Albardaira, um afluente do Lor de pouco caudal que cae de gran altura.
COMO CHEGAR:
Pola estrada de Folgozo a Seoane, vese á dereita, ao pouco de saír de Folgozo do Xourel

POZO DA GRADA



No río Pequeno, afluente do Lor, en Meiraos (O Courel). Ten máis de 10 metros de altura.
COMO CHEGAR
Baixando dende Vilasibil (Meiraos) por entre os sequeiros do souto cara ao río; remontando este ata onde rematan os prados e o val se estreita pola presenza dos farallóns do castro de Miraz. Atopamos a vella ponte de madeira de Ervellegas e baixamos por un prado moi costaneiro.

RÍO LOR



Entre Quintá de Lor (Quiroga) e Barxa de Lor (A Pobra do Brollón). No río Lor, un pouco antes de se xuntar co Sil, preto de Augasmestas. Unha pequena ferverza en cuarcitas que só se pode apreciar cando o encoro está con augas baixas.
COMO CHEGAR:
Accédese desde a estrada, un pouco antes da área de lecer de Augasmestas, indo cara a Quiroga.

PINCHEIRA DA PEDRIÑA



Na Cruz de Outeiro (Quiroga). No río de Vilarbacú ou Porto Mourelos, unha das cabeceiras do Quiroga. O salto salva un desnivel en lousas duns 7 m de altura e forma unha ampla poza rodeada de bosque de ribeira.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Quiroga a Vilarbacú pásase Cruz de Outeiro e despois de 800 m hai un sendeiro que baixa ao río pola esquerda (uns 400 m).

A OLA, O POMBAR



En Besarredonda (Quiroga). O río Quiroga nesta zona forma un profundo canón e no salto da Ola salva un desnivel duns 20 m en lousas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Quiroga a Vilarbacú, ao chegar a Besarredonda báixase ao río Quiroga ata Casa do Vello e logo séguese río arriba. A baixada máis rápida faise indo de Besarredonda a Cruz de Outeiro, na primeira curva desde a que se ven as casas de Cruz de Outeiro hai un camiño, á esquerda, pouco visible, de moito desnivel que da á parte alta da ferverza. Chégase á parte baixa pola esquerda da atalaia, mirando cara ao río.

REGO DE MONTOUTO




O rego de Montouto recolle as augas da aba occidental do Montouto e lévaas, nun curto percorrido de gran desnivel, ata o Soldón, tributario á súa vez do Sil. No seu curso atópase a Devesa do Cervo, unha das interesantes fragas do Courel.

COMO CHEGAR:

Desde Quiroga cóllese á estrada á Cruz de Outeiro e A Seara. Un pouco antes de chegar a Soldón atópase, a dereita da estrada, un indicador que sinala o Mazo. Baixamos pola pista de terra e deixamos o coche xunto ás casas do lugar. Para comezar a ruta cruzamos o río e seguimos cara á dereita, podendo baixar ata a ferrería, cruzar o río e remontalo ou seguir o camiño polo souto do lugar. A ruta remata nos cumes ao atoparse coa pista de terra que ven desde A Seara e remata en Arnado (León). A 3,5 km de Mazo e 1,5 km antes de chegar ás cabanas abandonadas de Montouto en plena serra, aparece a ferverza.

RINÁN



Outeiro (Quiroga). No río Rinán, afluente do Montouto que vai ao Soldón; varios saltos de diferentes alturas.

COMO CHEGAR: na estrada de Quiroga a Vilarbacú ao chegar a Cruz de Outeiro cóllese a estrada que vai á Seara e despois de 3 km a pista que baixa ao Mazo. Séguese o río até a ferrería do Mazo onde o Soldón recibe as augas do Montouto. Séguese o curso do Montouto até que se cruza co Rinán (o primeiro río que recibe pola esquerda) e remóntase o río pola canle.

CAROCEIRO



Parroquia de Outeiro (Quiroga).

O rego do Caroceiro cae no Soldón (afluente do Sil) por unha pendente moi inclinada formando varias fervezas que se poden ver desde a outra beira do val.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Quiroga a Vilarbacú ao chegar a Cruz de Outeiro crúzase o río Soldón e cóllese o antigo camiño de Vilarmel, de bastante dificultade. A uns 3 km aproximadamente atópase o río e a ferveza.

CEREIXIDO




Na parroquia de Cereixido (Quiroga). No río de Barreiros, afluente do Soldón. O regato baixa facendo rápidos e pequenas fervezas en lousas e xistos. As máis grandes teñen uns 4 m de altura. Nos arredores hai un bosque de ribeira ben conservado e sotos de castiñeiros moi vellos.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai de Rugando a Cereixido, onde aparece a indicación de Forno de Cal.

CANÓN DO FIAIS



Na parroquia de Cereixido (Quiroga)

O río Fiais ou Ferredo, afluente do Soldón, pola marxe esquerda, forma un canón de 8 km de lonxitude con 17 fervezas (as máis altas teñen 45, 35, 30 e 25 m) e catro tobogáns de gran tamaño. A última ferveza, duns 7 m de altura, vese desde a estrada, sobre todo no inverno. O percorrido so é apto para especialistas.

COMO CHEGAR:

Desde a estrada de Quiroga a Paradapiñol, uns quilómetros despois de pasar Paradaseca vese fronte á estrada pola dereita, a ferveza situada na desembocadura.

Pódese acceder por unha ruta desde Paradapiñol cruzando o río.

VIEIROS POZO DA FERVENZA



En Vieiros (A Seara-Quiroga). O río Selmo (afluente do Sil) cae nun salto de 25 m de altura nun saínte de cuarcitas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Quiroga a Outeiro e Ferramulín, ao pasar Vieiros hai un desvío que vai á ferveza. 300 ou 400 m río abaixo hai dúas pincheiras máis de 3 a 6 m de altura.

Un pouco antes cae un pequeno rego que tamén forma unha ferveza.

FÓCARO



A Seara (Quiroga)


O río Seara, afluente do Selmo fai un salto duns 20 m de altura que forma unha ampla poza na caída. A zona está rodeada de bosque autóctono.

COMO CHEGAR:

No comezo dun roteiro de montaña (a uns 200 m) que parte desde A Seara e chega á lagoa de Lucenza e á Devesa de Rogueira.

Seguindo a ruta cara á Lucenza atópanse regos con pincheiras de distintos tamaños

NAVAREGAS



Rego que cae ao río Murelos, unha das cabeceiras do Selmo. Ten uns 70 m de altura, en varios saltos.

COMO CHEGAR:

Na ruta da Seara á lagoa de Lucenza, vese a 1,5 km, no punto onde se cruza o río.

REQUEIXÓN



No Rego dos Chaos, un afluente do Mourellos, cabeceira do Selmo

Cae do Alto de Murelos e forma a fervenza duns 20 m de altura, en varios saltos.

Como chegar: Na ruta da Seara á lagoa de Lucenza, aos 2 km, vese ao lonxe.

Hai outras máis abaixo, preto da de Navaregas.


A SEARA



No río Selmo

COMO CHEGAR:

No mesmo centro da aldea da Seara, a carón dun muíño.

MUIÑO DA CAVORCA 	Na parroquia de Hórreos (concello de Folgoso do Courel). Pequenas fervezas no río Visuña, afluente do Selmo nunha zona cun muiño. Forma un pequeno cavorco entre lousas. COMO CHEGAR: Desde Ferramulín séguese un camiño río arriba durante uns 500 m ata chegar a unha antiga ferrería e un muiño.
FERRAMULÍN 	No río Buzgalegos (Selmo), unha pequena ferverza oculta entre a vexetación. COMO CHEGAR: Éntrase en Ferramulín e séguese un camiño que cruza o soto río arriba. Un carreiro á dereita leva ata a ferverza, nun regueiro que cae ao Selmo.
CAVORCO DA FERVERZA GRANDE 	Parroquia de Hórreos (concello de Folgoso do Courel) Un rego de pouco caudal que salva un gran desnivel. COMO CHEGAR: Na estrada de Ferramulín a Visuña vese á esquerda desde a estrada, á altura de Hórreos.

SARRIA



RÍO ANTIGA




En Ferrería (O Incio), no río Antiga, un afluente do Cabe (Sil). A ferverza está reforzada por un atranco e ten 4 m de altura. Nas proximidades atópanse os restos dun acueduto.

COMO CHEGAR:

Na estrada do Incio a Seoane do Courel, xusto ao pasar a localidade de Airela, moi preto da estrada.

Un pouco antes de chegar a Ferrería, un afluente cae no Antiga formando uns pequenos saltos que se ven ao cruzar o regato pola dereita da estrada.

CABE-ARNADO



No río Cabe (O Incio).

A ferverza atópase modificada por un atranco. Ten uns 5 m de altura.

COMO CHEGAR:

Na estrada do Incio ao Courel, un pouco despois de cruzar o Cabe aparece un cruce que indica San Miguel, onde hai unha cabana de madeira. A ferverza atópase un pouco máis abaixo no río.

SAN PEDRO DO INCIO



En San Pedro (O Incio). O río Cabe salva un desnivel que está rodeado dun muro en xistos e lousas de arredor de 4 m de altura.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder desde o campo que hai ao pé da Igrexa seguindo río abaixo uns poucos metros.

COVA DA FONTE



En Santalla de Abaixo (Samos). No rego da Fonte das Regueiriñas, un afluente do río Loúzara (Lor) que nace no interior dunha cova en xistos forma varios saltos cunha altura total duns 7 m. A auga aproveítase para un muíño abandonado e para abastecer á poboación.
COMO CHEGAR:
Na estrada do Incio ao Courel cóllese un cruce á esquerda que indica Santalla e Samos. A ferverza está no medio da aldea.

SANTALLA DE ABAIXO



En Santalla de Abaixo (Samos). No rego da Fonte do Barro, un afluente do río Loúzara (Lor) que forma un salto de 25 m de altura en lousas e xistos.
COMO CHEGAR:
Na estrada do Incio ao Courel cóllese un cruce á esquerda que indica Santalla e Samos. Un carreiro parte de Santalla de Abaixo percorrendo 1 km pola marxe esquerda do río.

A CASELA



Na Casela (O Incio) No rego Retión ou do Muíño (afluente do Lóuzara). Cae en varios saltos de moita altura.
COMO CHEGAR:
Na estrada do Incio ao Courel despois de pasar A Casela vese ao outro lado do val.

A RUXIDOIRA




En Pacios (Paradela).
O río Loio cae formando varios saltos. O máis destacado ten 8 m de altura.
COMO CHEGAR:
Unha ruta que comeza a carón do Centro de Saúde baixa á primeira ferverza. Máis abaixo hai varios saltos máis pequenos.
Hai unha ruta máis completa de 7 km ata o Miño.

CHANTADA



CANÓN DO ASMA



En San Fiz de Asma (Chantada)

COMO CHEGAR:

Desde Tarrío, na estrada de Chantada a Monforte, hai un desvío á dereita (no arranque da ruta) que permite chegar ao río. Para ver as fervezas séguese río arriba por entre as pedras con moita dificultade. No inverno pódese ver desde un penedo que sobresaí á beira da estrada.

FONDÓS



En Erbedeiro (Carballedo)

O río Fondós ou Graullo, preto de Erbedeiro antes de se unir ao Miño, forma unha gorxa nos neis con varios rápidos e fervezas. Nos arredores hai especies de ribeira e sobreiras. Na marxe esquerda está o Penedo do Garabullo, de máis de 100 m de altura.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Chantada a Os Peares, despois de pasar Erbedeiro. Tamén se pode acceder desde A Barrela pola estrada que baixa ao Canón do Miño.

REGO LAVANDEIRA



No rego Lavandeira, afluente do Miño. Erbedeiro (Carballedo).
COMO CHEGAR:
De Chantada a Os Peares, xusto ao pé do cruce que sobe a Erbedeiro, vese por enriba da estrada.

REGO DE CAMPORRAMIRO



Belesar (Chantada)
Nace en Pereira (Chantada) e despois dun curto percorrido xúntase ao Miño ao pé de Belesar. No último tramo forma varios rápidos e fervezas. Accedese pola ruta que segue o Canón do Miño desde Belesar.

SOUTARIZ



No rego Souto Varela, afluente do Miño. En Soutariz (A Sariña-Chantada)
COMO CHEGAR:
De Chantada a Os Peares, antes de entrar en Soutariz crúzase o regato e a ferverza atópase por enriba da estrada, desde a que xa se ve. Para achegarse a ela hai que subir polas leiras que hai á dereita.

BUBAL



Na parroquia de Oleiros (concello de Carballedo).
É unha ferverza entre rochas graníticas rodeada de bosques de ribeira.
COMO CHEGAR:
Na estrada de Os Peares á Barrela a uns 2 km cóllese un desvío por unha pista de terra á esquerda que indica Carcacía. Remata nunha canteira abandonada e desde alí crúzase o río para acceder á ferverza.

TERRA DE LEMOS



CABE PACIOS DA VEIGA



A Veiga (A Pobra do Brollón). Mide arredor de 8 m de altura e está reforzada cun atranco.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai da Pobra de Brollón á Cruz do Incio, pasado Pacios da Veiga e antes de Biduedo. Vese á dereita da estrada e xusto despois dunha curva pechada báixase polo medio dun souto, con moita pendente.

BUDIÁN



En San Román de Acedre (Pantón). No rego de Aúde, afluente do Cabe (Sil-Miño). Forma un pequeno salto no punto onde o cruza a estrada.

COMO CHEGAR:

Desde Ferreira vaise a San Román e séguese a Budián. Un pouco antes do lugar atópase a fervenza, por enriba da estrada.

AUGA CAÍDA



En Marce, parroquia de Vilar de Ortelle (concello de Pantón). O rego de Marce ou da Aguianza desemboca no Miño formando un profundo canón no último tramo entre granitos e neis. A ferverza de Auga Caída salva un desnivel duns 30 m e máis adiante o río forma varias ferverzas de menos altura e rápidos rodeados dun bosque autóctono ben conservado e de difícil acceso pola pendente pronunciada do canón.

COMO CHEGAR:

Accedese desde a estrada de Ourense a Monforte no cruce que indica Guitara e despois en dirección a Marce. Antes de chegar a este lugar hai un pequeno cartel á esquerda que indica a ferverza de Auga Caída e unhas letras na estrada. Báixase por un sendeiro de aproximadamente 2 km que na última parte é de moita dificultade.

XABREGA



En Anllo (Sober).

No río Xabrega ou rego de Camilo que, despois dun percorrido duns 5 km con gran desnivel, cae no Sil por unha parede rochosa na que forma unha ferverza de gran altura interrompida pola estrada de acceso a embarcadoiro dos Chancís.

O seu curso foi aproveitado para mover numerosos muíños e dous batáns. Algúns dos muíños eran de roda vertical (bruia). Están parcialmente restaurados.

COMO CHEGAR

De Sober cóllese a estrada que vai a embarcadoiro dos Chancís. Despois de pasar A Boca comeza a ruta dos muíños, á dereita da estrada. No remate atópase a ferverza. A volta pódese facer polo mesmo camiño ou pola estrada.

RÍO PESQUEIRAS



Na caída ao Miño preto da presa de Belesar (O Saviñao).

O río cae nun forte desnivel debaixo da aldea de Pesqueiras.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Monforte a Chantada cóllese o desvío a Pesqueiras e á presa de Belesar. Pódese atopar a ferverza seguindo o curso do río polos camiños que baixan desde a aldea por entre as viñas. Tamén se pode ver desde a outra banda do río Miño, no inverno, cando non ten árbores.

POMBEIRO



En Pombeiro (Pantón). No rego do Regueiro, que nace no monte de San Paio e ten un curto percorrido con rápidos e ferverzas ata caer no Sil.

COMO CHEGAR:

As ferverzas pódense ver ao pé da estrada dos Peares a Pombeiro.

TORRENTAS E FERVENZAS DE MÁCARA



No lugar de Mácara, da parroquia de Ramil (concello de Palas de Rei). No alto Ulla hai un tramo comprendido entre a confluencia co río Pambre e o balneario de Frádegas onde o río forma un canón en rochas graníticas con moitos rápidos e pequenas fervenzas. A máis grande é a de Mácara, duns 4 m de altura.

COMO CHEGAR:

Desde Pidre seguindo as indicacións da Casa Rural Parada das Bestas, pásase por Chorexe e séguese a estrada que vai cara a Santa Mariña e, un pouco máis adiante cóllese unha pista de terra na que hai un indicador do Couto de Pesca de Antas que leva ao balneario de Frádegas. Un pouco antes da ponte que cruza o Ulla unha pista recén acondicionada permite achegarse ás torrentas.

A esta pista tamén se pode acceder desde Cabana.

Pódese facer unha ruta completa a pé, río abaixo, desde as ruínas do balneario de Frádegas, ao que se chega desde Antas de Ulla, seguindo o sendeiro de pescadores que vai pola marxe dereita do río; e río arriba desde Ramil.

A FONSAGRADA



SEIMEIRA DE VILAGOCENDE




Entre os lugares de Fito e Vilaguncende, na parroquia de San Martiño de Suarna (A Fonsagrada). O río da Porteliña, afluente do Lamas que vai ao Suarna (Navia) ten unha caída de máis de 50 m nun val de lousas con paredes de cuarcitas que resisten a erosión e forman cristas que sobresaen na paisaxe. Máis abaixo hai varios saltos máis pequenos. A zona está acondicionada cunha senda e pontes de madeira.

COMO CHEGAR:

Desde o centro da Fonsagrada cóllese unha estrada que vai a Vilagocende, a 6,5 km hai un cruce nunha curva no que se colle unha pista de terra que despois de 1 km remata nas proximidades da fervenza. Antes do cruce vese a fervenza á dereita desde a estrada.

ROZABRAGADA



Nun afluente do río Suarna (afluente do Navia), nas proximidades de San Martiño de Suarna. A ferverza está a carón do muíño da Chaila ou de San Martiño.

COMO CHEGAR:

Na estrada da Fonsagrada á Naraxa e Vilar de Cuíña, despois de pasar Vilabol crúzase o río Suarna. Alí déixase o coche e comeza a ruta, indicada. Pódese facer circular ou seguir río arriba ata dar coa fevenza (aprox 2 km). Un pouco antes hai outro salto no río Suarna, nun lugar de difícil acceso, despois dun saínte rochoso onde se cruzan o rego de Penamaior e Suarna.

Actualmente construíse unha pista pola marxe dereita do río pola que é posible achegarse ás proximidades da ferverza. Desde o punto onde a pista dá un xiro de 90º baixa un carreiro ata o muíño da Chaila e a ferverza.

SAN PAIO POZO DA SERRA 	No lugar de San Paio, na parroquia de Cubilledo (concello de Baleira), no río Eo, pouco despois do seu nacemento en Fonteio. A ferverza ten unha altura de 8 a 10 m en lousas e está un pouco modificada pola presa do muíño. Está rodeada por un estupendo bosque de ribeira e nas proximidades está a fraga da Marronda. COMO CHEGAR: Desde Fonteio cóllese a estrada que vai a Cubilledo e Castro. Crúzase a ponte sobre o Eo e cóllese o cruce cara a San Paio, un pouco despois á dereita está a ferverza á que se chega polo sendeiro do muíño.
POZO DA FERRERÍA 	No rego de Arendal, afluente do Eo en San Paio (Baleira). Pouco antes de se xuntar co Eo cae nun desnivel en lousas de 3 m de altura. COMO CHEGAR: Pódese chegar seguindo o sendeiro da Marronda ou en coche, despois de pasar San Paio séguese pola estrada cara arriba e nunha curva pechada cóllese un desvío cara á dereita ata chegar ao río. Crúzase a ponte e vaise río arriba uns 200 m ata atopar o rego e a ferverza.
QUEIXOIRO 	No lugar de O Queixoiro, parroquia de A Bastida (concello de A Fonsagrada), no rego do Queixoiro, un afluente do Rodil (que vai ao Eo). O rego do Queixoiro discorre por un terreo de lousas con saíntes de cuarcitas máis resistentes e forma numerosos rápidos e varias ferverzas. A primeira mide arredor de 15 m de altura e a segunda 12 m. Pódese facer unha ruta seguindo o río por un bosque de ribeira ben conservado e soutos de castiñeiros moi antigos onde hai ouriceiras, antigas construcións para gardar os ourizos das castañas. COMO CHEGAR: Desde A Fonsagrada cóllese a estrada que vai a Asturias e despois de pasar Paradanova (uns 3 km) cóllese un desvío á esquerda que conduce ata o lugar de Queixoiro (uns 5 km). Crúzase o lugar e despois de 200 m báixase por unha pista á esquerda e aproximadamente despois de 1 km déixase o vehículo e báixase por un carreiro acondicionado ás ferverzas.
A MARRONDA 	Em Baleira, no rego de Souto, afluente do Martín (Eo), que discorre polo fondo da fraga da Marronda con varios saltos e rápidos. A ferverza máis alta ten arredor de 6 m de altura en cuarcitas e lousas. COMO CHEGAR: Desde A Braña cóllese a pista que vai pola Marronda e uns 100 m despois do depósito de auga un carreiro baixa á esquerda polo medio da fraga ata a ferverza.

OS ANCARES



REGO DE BOIXECIDE



Un afluente do Ortigal. Na parroquia de Donís (Cervantes). O Ortigal é unha das cabeceiras do Ser, afluente do Navia. Ten un percorrido en moita pendente con rápidos e fervenzas. A máis accesible está ao pé da estrada e salva un desnivel en cuarcitas de 6-7 m de altura en dous saltos.

COMO CHEGAR:

Atópase na estrada de Campo da Braña a Piornedo. Despois de cruzar o río vese a fervenza á dereita.

AS PONTES



O rego de Bous ou de Piornedo nace no Penalonga e desemboca no río das Pontes (afluente do Ser que á súa vez vai ao Navia). En todo o seu percorrido forma varias fervezas de pequeno tamaño, pozas e rápidos. Pódense observar na ruta que vai de Piornedo ao Mostellar, na estrada de Campo da Braña a Piornedo (un pouco antes de Donís) ou na desembocadura cando se xunta co río das Pontes.

Fervenza das Pontes.

Na paróquia de Donís (Cervantes). No rego de Piornedo, pouco antes de xuntarse co río das Pontes (Ser).

COMO CHEGAR:

Desde Donís atravésase o lugar ata chegar ao río.

PESQUEIRA DE LASTROA



En Murias, parroquia de Rao (Navia de Suarna). No rego de Campos, unha das cabeceiras do Murias, afluente do Rao. A fervenza vese xusto en fronte do penedo de Murias. O acceso é practicamente imposible xa que o río forma un canón con moito desnivel e varias fervenzas, rápidos e tobogáns en cuarcitas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Navia a Balouta cóllese unha estrada en Murias que parte dunha zona onde hai un depósito de auga e vai á Braña de Pan de Zarco e Cruz de Cespedosa.

PONTALOR LOUSADA



O rego de Barxa, afluente do Lor que nace na serra do Rañadoiro forma varios saltos de poca altura sobre lousas entre Lousada (Pedrafita do Cebreiro) e Vilela (O Courel).

COMO CHEGAR:

Pola estrada de O Cebreiro a Seoane, ao pasar Lousada atópase a pincheira.

A MARIÑA OCCIDENTAL



TURRILLÓN (REGO DA VELLA)



No lugar de Turrillón, na parroquia de Rigueira (Xove). No río Rigueira, que ten un curto percorrido con moito desnivel no que abundan os rápidos e pequenas fervezas.

COMO CHEGAR:

Desde Xove cóllese a estrada a Rigueira e o Turrillón e alí unha pista que segue o río. As fervezas atópanse a carón da presa da captación de augas.

XESTOSA



En San Miguel (Ourelo). No río da Xestosa, unha das cabeceiras do Landro, entre as serras da Gañidoira e os montes do Rei. O río fai a primeira parte do seu percorrido polo concello de Muras e ao pouco de entrar no de Ourelo cae nun desnivel de aproximadamente 20 m de altura.

COMO CHEGAR:

Pola estrada vella de Ourelo a Muras, xusto debaixo da ponte no linde do concello atópase a captación de augas do concello de Ourelo e un pouco máis adiante, augas abaixo, a ferveza. O acceso é un pouco complicado, hai que baixar polo monte, nun punto onde falta o quitamedos, aproximadamente 100 m máis abaixo do aparcamento.

POZO DA FERIDA



Na parroquia de Monte (Xove).

No río Loureiro, afluente do Landro. A ferverza cae nun desnivel de rochas graníticas duns 30 m de altura e forma unha poza circular rodeada de amieiros, salgueiros, carballos e fentos.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Viveiro a Mondoñedo cóllese un desvío a Valcarría (nas proximidades de Chavín) e séguese en dirección á aldea de Monte. Pouco antes de chegar hai un desvío que vai á ferverza.

REGO DAS BALSADAS



Rego das Balsadas. Afluente do Landro que nace no Xistral e xúntase co Besteburiz en Miñotos (Ourol).

COMO CHEGAR:

No lugar de Santa Mariña (Miñotos-Ourol) a carón da capela, hai varias ferverzas de pouca altura.

R. BESTEBURIZ



Río Besteburiz (Landro). En Miñotos.

COMO CHEGAR

Desde Ourol vaise a Miñotos e de alí a Besteburiz e Couce da Graña. O río baixa por unha fermosa fraga nas abas do Xistral.

A MARIÑA CENTRAL



SALTO DO CORO



Na parroquia de Santiago de Fóra (Mondoñedo). No rego do Coro, afluente do Río Valiñadares (que despois se xunta co Tronceda ou Masma). O salto principal cae en lousas e xistos desde unha altura de 15 m e forma un pozo moi acolledor. Río abaixo hai outros pequenos saltos. A zona está acondicionada.

COMO CHEGAR:

Desde Mondoñedo cóllese a estrada que vai a Argomoso e á Cova do Rei Cintolo; a uns 2,5 km hai un camiño á esquerda que conduce á ferverza (aproximadamente 500 m).

A FERVENZA



Entre as parroquias de Viloalle e Mondoñedo (concello de Mondoñedo). O río Tronceda, que máis adiante se chama Masma, nace na Serra do Xistral entre os Picos do Seixo Branco e O Cadramón. Ao seu paso pola zona de Mondoñedo encáixase nun canón de granito formando varias ferverzas e tobogáns. A máis grande ten 15 metros en tres saltos.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Mondoñedo a Foz cóllese o desvío a Ferreira (Valedouro). Ao chegar a Ferrería, aproximadamente a 2,5 km, crúzase a ponte e cóllese a pista da esquerda que segue río arriba e chégase a unha área recreativa.

FERRERÍA



Na parroquia de Viloalle (Mondoñedo). O rego de Ferrería ou Augavalva, é un afluente do Figueiras (Masma) que ven da Serra da Toxiza. Cae en grandes saltos verticais en rochas graníticas con numerosas fervezas e rápidos, a de máis altura pode acadar máis de 30 m.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Mondoñedo a Foz cóllese o desvío a Ferreira (Valedouro). Desde alí sóbese polo monte seguindo o val do río. É difícil de ver polo accidentado do releve e a presenza de eucaliptos.

FREXULFE



No rego da Fraga das Lérias, afluente do Ouro que baixa do Xistral, en Frexulfe-Ferreira).

COMO CHEGAR:

Pola estrada que vai de Ferreira ao Cadramón, vese ao cruzar o río.

POZO DA ONZA



No lugar de San Cristobo, parroquia de Budián (O Valedouro).

No rego Val dos Infernos, afluente do río Ouro. A ferveza ten unha caída de 20 m de altura en cuarcitas.

COMO CHEGAR:

Desde Ferreira cóllese a vella estrada que vai a Burela e antes de chegar a Budián hai un indicador que sinala Pozo da Onza. Ao chegar ao lugar de San Cristobo hai un sendeiro que en 500 m conduce á ferveza.

ESCOURIDAL A FERVENZA



No río Guilfonso, tramo alto do Ouro. No linde entre O Cadramón (O Valadouro) e O Pereiro (Alfoz). Unha sucesión de saltos e tobogáns en rochas graníticas que en conxunto acadan uns 70 m de altura.

COMO CHEGAR:

Desde a igrexa de O Cadramón cóllese a estrada que vai a O Pereiro e un pouco máis adiante o desvío que vai a Liñarega, A Abeleira e Asteleiro. En Asteleiro déixase o coche e a carón dos hórreos colléase un sendeiro, á dereita, que atravesa a eira dunha casa e baixa cara ao río rodeando o monte onde podemos ver unha pequena fervenza. Logo continuamos subindo e chegamos á parte baixa da fervenza principal (1 km).

Outra ruta condúcenos á parte alta da fervenza onde podemos ver unha sucesión de pozas e pequenos saltos entre grandes laxes. Vaise polo camiño de terra que sae da parte alta de Asteleiro nun punto onde hai unha cruz. Séguese sempre pola esquerda e despois de 1 km aproximadamente báixase ao río por un carreiro entre o mato. Hai que guiarse polo ruído da auga. Tamén se pode ver de lonxe desde a entrada que vai ao Pereiro.

REGO DE CORVELLE



No rego de Corvelle, un afluente do Ouro que baixa do Pena da Cadela (Xistral). Nas proximidades das Rozadas (O Cadramón) cae nun forte desnivel con varias fervenzas, a máis grande duns 50 m de altura.

COMO CHEGAR: desde San Xurxo do Cadramón cóllese, ao pé da igrexa, a estrada ao Pereiro e nela o primeiro desvío á esquerda que vai ás Rozadas. Dentro da localidade o desvío á esquerda e a douscentos metros un camiño á esquerda, que logo desaparece. Hai que camiñar cara á dereita por entre os eucaliptos ata un punto no que se ve un resalte rochoso ao outro lado do val e varios grupos de pedras pola beira que imos. Hai que achegarse a elas, por entre o mato por onde se poida, deixándoas sempre á esquerda, pola dereita a caída é vertical e o acceso imposible. Subindo ao grupo de pedras do medio temos unha boa vista da fervenza.

Para ver as fervenzas pequenas, da parte alta, pódese ir desde as Rozadas collendo un camiño á esquerda que baixa ao río e cruzalo. Xusto despois cóllese un camiño á dereita que vai a uns muíños en ruínas, entre os que están as fervenzas. Tamén se pode ir saíndo do Cadramón cara a Ferreira e, pasado o río, coller o primeiro camiño á dereita ata chegar ao río e, sen cruzalo, o camiño á esquerda que vai aos muíños.

A MARIÑA ORIENTAL



SAN XES



En San Xes (Bogo-A Pontenova). O río Bidueiro (Reigadas-Eo) baixa por un estreito cavorco de cuarcitas polo interior da fraga de San Xes nun recuncho no que se conservan varios muíños.

COMO CHEGAR

Accedese pola ruta que sae da aldea de San Xes e percorre a parte alta da fraga ata uns muíños. Para ver a ferverza desde abaixo hai que buscar un carreiro que baixa un pouco antes.

POZO DA CHAMOSA



No concello de A Pontenova, entre as parroquias de Bogo e Vilaboa. No rego de Bounote ou de Reigadas, afluente do Bidueiro (que vai ao Eo). Un salto en lousas duns 8 m de altura. No camiño hai outros saltos máis pequenos.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder desde Bogo por Vilarxubín ou desde Vileimil por San Paio. Déixase o coche na ponte onde se cruza o río entre Vilarxubín e San Paio e remóntase o río pola pista que parte a carón da fonte. O sendeiro discorre unha fermosa fraga dunha gran diversidade con bos exemplares de carballos e castiñeiros.

SANTO ESTEVO DO ERMO



Em Santo Estevo do Ermo (Barreiros). O rego de Santo Estevo é un afluente do Masma que nace nos montes da Ínsua e ten un curso con moito desnivel con varios saltos e rápidos en lousas. O máis interesante atópase preto da capela de Santo Estevo e cae de 10 m de altura, nun entorno natural de gran riqueza biolóxica.

COMO CHEGAR

Desde San Cosme de Barreiros cóllese a estrada que vai á Ínsua e á a capela de Santo Estevo do Ermo. Desde alí remóntase o curso do río polo sendeiro indicado. Unha ruta acondicionada permite visitar a parte baixa e alta da ferverza.

MEIRA



PENA DOS PORTELOS



En San Xurxo (Ribeira de Piquín) no linde con Meira; no rego de Survial do Couso (Eo) que baixa da aba oriental da Serra de Meira. O río cae nun barranco de lousas moi fondo e escuro dunha altura de máis de 15 m. No verán ten pouca auga. O camiño atravesa unha fraga ben conservada na que se poden ver bos exemplares de castiñeiros e carballos.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai de Chao do Pousadoiro a Meira cóllese á dereita o cruce a Damil e San Xurxo. Desde San Xurxo sóbese por unha pista á esquerda que está sinalizada polos alumnos da escola nun proxecto de Voz Natura. O percorrido son 3,5 km ida e volta, pero cun todo terreo pódese chegar por un camiño de monte ata 1 km máis arriba.

A MEXADOIRA



En Seixosmil (Meira), no rego de Murias ou dos Teixos, un afluente do Eo que baixa da aba oriental da Serra de Meira. O río cae sobre lousas dunha altura de máis de 15 m nun entorno de bosque autóctono moi ben conservado. No verán leva pouca auga.

COMO CHEGAR:

Cóllese a estrada que cruza a serra de Meira por Seixosmil e continúaase cara á Louseira. Desde alí collese unha pista de terra que cruza a aldea e baixa cara ao río que un pouco máis abaixo coincide coa ruta Miño-Eo e seguindo as indicacións en dirección a Meira chégase á fervenza. Pódese facer un pequeno percorrido polo río desde a fervenza ata a ponte que cruza o río ou á inversa. Se se dispón dun todo terreo pódese chegar moi preto dela. Desde a Louseira hai case 3 km. Tamén se pode ver seguindo a ruta Miño-Eo que está indicada desde o Pedregal de Irimia.

TERRA CHA



RÍO ARNELA



Em Abadín. O Río Arnela (Támoga) nace entre o Monseiván e o Coto Pina e no seu curso alto baixa formando numerosos rápidos e pequenas fervenzas. A máis grande ten varios saltos que completan 6 m de altura en rochas graníticas. No entorno hai acondicionada unha área recreativa.

COMO CHEGAR:

Na estrada Abadín-Vilalba cóllese un cruce á dereita antes de Castromaior. Despois de 2 km por estrada asfaltada chégase a un cruce onde segue por un camiño de terra durante outros 2 km. A ruta está sinalizada.

SETE MUÍÑOS



En Guitiriz. Na zona de Sete Muíños o río Escadebas (afluente do Ladoiro, que vai ao Parga) forma varios rápidos e pequenos saltos entre rochas graníticas nunha zona aproveitada para instalar muíños. Hai unha área recreativa, unha zona acondicionada como piscina e un paseo que segue o río.

COMO CHEGAR:

Desde Guitiriz pódese seguir a ruta sinalada que vai pola beira do río ou ir en coche ata a área recreativa de Sete Muíños.

A RUXIDA



Parga (Guitiriz). No regato da Ruxida, afluente do Ladroil que vai ao Parga. O río cae por grandes laxes de granito desde uns 8 m de altura. No verán ten moi pouca auga.

COMO CHEGAR:

Desde Parga vaise a Becín e séguese o camiño de terra que pasa polas canteiras. Crúzase o río e alí mesmo séguese por un sendeiro á esquerda durante varios metros e chégase á parte alta da ferverza. Ao pé atópase un muíño. A zona está acondicionada como área de lecer.

XESTOSA MURAS



O Sixto (Muras). No río da Xestosa, unha das cabeceiras do Landro na serra da Gañidoira. O río fai a primeira parte do seu percorrido polo concello de Muras e pouco antes de entrar no de Ourol forma varios saltos.

COMO CHEGAR:

Pola estrada Muras a Ourol, ao chegar a Leganitos séguese un tramo pola antiga estrada a carón do río onde se ven as ferverzas.